

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E ABANCA CORPORACIÓN
BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN ROQUE 2020..**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vilagarcía de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración das Festas de San Roque de Vilagarcía de Arousa 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.



A este respecto, o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 na Liña estratéxica 2, obxectivo estratéxico 2.1. Singularización de novos valores diferenciadores, Acción 2.1.3. Enfoque turístico do patrimonio inmaterial, inclúe o impulso da creación de produto en torno ás Festas de Interese Turístico.

Terceiro.- Que o Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración das Festas de San Roque.

Cuarto.- O día 16 de agosto celébrase a festividade de San Roque, data na que conflúen a procesión do santo, de tradición secular, e a festa da Auga, nacida nos anos 80 de forma espontánea e xa recoñecida institucionalmente. Esta festa, foi declarada de Interese Turístico Nacional no ano 2006.

Vilagarcía celebra a súa festa grande coincidindo coa festividade de San Roque. Durante a semana da onomástica a localidade acolle a multitude de actividades lúdicas, culturais, musicais e outras de índole máis relixiosa, entre as que cabe destacar: o pregón, a animación das rúas, os concertos, as verbenas, o combate naval ou a noite meiga.

Este ano debido á situación orixinada polo COVID-19 van a ser contratadas empresas especializadas para garantir en todas as actuacións ou espectáculos que se cumpran tódalas condicións impostas pola normativa ou protocolos establecidos polas autoridades competentes, en cuestión como control de acceso e acomodación do público, desinfección de cadeiras, montaxe de torres de hidroxel ou instalación de papeleiras. Nas actividades que teñan un aforo superior a 120 persoas, os asistentes terán que facer unha reserva previa a través dunha aplicación web.

Quinto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Sexto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta



turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Sétimo.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Oitavo.- Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia
Emilio José de la Iglesia Lema

